



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0739	Formación e orientación laboral	2018/2019	0	107	0
MP0739_12	Prevenção de riscos laborais	2018/2019	0	45	0
MP0739_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2018/2019	0	62	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA PEREIRO FIGUEIRAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento



## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0739_22) RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización
(MP0739_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral
(MP0739_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo
(MP0739_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector sanitario
(MP0739_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións
(MP0739_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados
(MP0739_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida
(MP0739_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0739_22) CA1.1 Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en Hixiene Bucodental e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual
(MP0739_12) CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora
(MP0739_12) CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras
(MP0739_22) CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces
(MP0739_12) CA1.3 Apareciuse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais
(MP0739_22) CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo
(MP0739_12) CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente
(MP0739_22) CA1.4 Empleáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas
(MP0739_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores
(MP0739_22) CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo
(MP0739_22) CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo
(MP0739_12) CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector sanitario
(MP0739_22) CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros
(MP0739_12) CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais
(MP0739_22) CA2.1 Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo

**Cráterios de avaliación do currículo**

(MP0739\_12) CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en Hixiene Bucodental

(MP0739\_12) CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles

(MP0739\_22) CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais

(MP0739\_12) CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en Hixiene Bucodental

(MP0739\_22) CA2.3 Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo

(MP0739\_22) CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos

(MP0739\_12) CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental

(MP0739\_22) CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral

(MP0739\_22) CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Hixiene Bucodental

(MP0739\_22) CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres

(MP0739\_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran

(MP0739\_22) CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral

(MP0739\_22) CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa

(MP0739\_22) CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución

(MP0739\_22) CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo

(MP0739\_12) CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa

(MP0739\_22) CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía

(MP0739\_22) CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social

(MP0739\_12) CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais

(MP0739\_22) CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa

(MP0739\_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos

(MP0739\_12) CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais

(MP0739\_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos

(MP0739\_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico

(MP0739\_12) CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia

(MP0739\_12) CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén

(MP0739\_12) CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental



Criterios de avaliación do currículo
(MP0739_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título
(MP0739_12) CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse
(MP0739_22) CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais
(MP0739_22) CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo
(MP0739_22) CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea
(MP0739_12) CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
(MP0739_22) CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo
(MP0739_12) CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade
(MP0739_22) CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en Hixiene Bucodental
(MP0739_12) CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias
(MP0739_22) CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral
(MP0739_22) CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental
(MP0739_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego
(MP0739_22) CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0739_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral
(MP0739_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector sanitario
(MP0739_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo
(MP0739_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións
(MP0739_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados
(MP0739_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida
(MP0739_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Hixiene Bucodental

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0739_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores



Criterios de avaliación do currículo
(MP0739_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade
(MP0739_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran
(MP0739_22) CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral
(MP0739_12) CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais
(MP0739_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos
(MP0739_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos
(MP0739_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico
(MP0739_12) CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos
(MP0739_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas
(MP0739_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

#### UF1. Prevención de Riscos Laborais

Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.

Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Riscos específicos no sector en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.

Planificación da prevención na empresa.

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

#### UF. 2 Equipos de traballo, dereito do traballo e da Seguridade Social e procura de emprego.

Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.

Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.

Equipos no sector segundo as funcións que desempeñen.

Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.



Conflicto: características, tipos, causas e etapas.  
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.  
Dereito do traballo.  
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.  
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.  
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación  
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.  
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación do ciclo  
Representación das persoas traballadoras na empresa.  
Conflitos colectivos.  
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo  
Estrutura do sistema de Seguridade Social.  
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.  
Protección por desemprego.  
Prestacións contributivas da seguridade social.  
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.  
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación do ciclo  
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior do ciclo  
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior do ciclo  
Proceso de procura de emprego no sector

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A parte teórica, que terá carácter eliminatorio, consistirá nunha proba escrita de cincuenta (50) cuestións tipo test, cunha sola resposta válida, sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta primeira parte da proba será puntuada de cero a dez puntos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos, restando as incorrectas 0,1 puntos, as respostas en branco nin sumarán nin restarán puntuación. Para superar a proba debe obterse unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

O alumno disporá para a realización desta proba dun máximo de dúas horas e deberá vir provisto, unicamente, de bolígrafo negro ou azul e calculadora non programable.

##### 4.b) Segunda parte da proba

O alumnado que supere a primeira parte da proba realizará unha segunda proba, tamén de carácter eliminatorio, e consistirá no desenvolvemento de cinco (5) supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta segunda parte da proba será puntuada de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO III  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE  
DE MÓDULOS PROFESIONAIS



O alumno disporá para a realización desta proba dun máximo de dúas horas e deberá vir provisto, únicamente, de bolígrafo negro ou azul e calculadora non programable